

A NOSA TERRA

BOLETIN DECENAL

Idearium da Irmandade da Fala en Galicia e nas colonias galegas d'América e Portugal

PREZOS DE SUSCRIZÓN

Na Cruña, ó mes, 40 cts.

Coste d'un número 10 »

Fora, trimestre, 1'50 pts.

América, Id. 2 »

Pagos adelantados

Redacción e Administración: PASEIO MÉNDEZ NÚÑEZ (Irmandade da Fala)

Número 64

A CRUÑA 20 DE AGOSTO DE 1918

POL-O REXURDIMENTO DA FALA

Concurso de novelas pequenas e de poemas

A NOSA TERRA, fai un concurso de novelas pequenas.

Estas novelas han sere inéditas, orixinales e esqurtas no noso idioma, con liberdade d'asunto.

A extensión das mesmas non poderá sere maior que a do texto que colle nas páxinas d'este boletín, descontando a follas dos anuncios.

Teráse en conta, ó xuzgalas, tanto a forma com' o fondo. Quérese dicire, que a prosa percísase limula moito.

Daráselles o premio á millor novela. O premio consistirá n'unha cantidade en metálico e n'unha edición da obra na que levará un tanto por cento da venda o autore.

Tamén se publicarán n'A NOSA TE-

RRA as dez que lle sigan en merecemento á primeira premiada, editándose, igoalmente, nas mesmas condicións que a outra, as mais notables.

O concurso queda aberto dende a data d'oxe até o 1.º de Novembre.

Ao nome do autore substituiráse un lema que terá de poñerse tamén no sobre que encerre aquél.

As mesmas condicións rixirán pr' o concurso de poemas. Tanto pol-o que fai á longura, com' ós premios e ó prazo de pecho do certame.

A NOSA TERRA, propónse publicar unha novela ou un poema mensualmente, cuidando que isto será do gusto dos leutores.

FIXANDO PUNTOS

A nosa eterna cuestión

COIDAN moitos, eiquí en Galicia, qu'a satisfacción das arelas rexionalistas pódese faguere prescindindo en ausoluto, ou casi en ausoluto, de fautor tan esencial e de tanta trascendencia cal é o da lingua. A tono con esta crénza, trabucada ou laborada por eisenzas d'un imperativo comenezado, aconsellan non parar mentes en tal fautor, ou de paralas, qu'isto fáigase ollando tan soamente ó que d'aproveitabre, d'útil, se poida outer pra ulteriores proieutos. Sin considerare endexamáis, craro é, qu'a isto da lingua se lle deba conceder outra importancia qu'aquela qu'en ocasións e mester conceder, por eisenzas de táctica, d'oportunismo, a causas cuio valor é ordinariamente moi secundario. Contra iste tartufismo non xento dos que tal dín e dos que tal sosteñen é mester ir. Eles terán adoito de sere máis perniciosos pra nós, os espalladores do santo ideial nazionalista, que cantos centralistas e unitaristas máis o menos encubertos, afosten a pórse fronte a nosas campañas, o seu dobre xogo consistente en chamáren-

se rexionalistas e, ó mesmo tempo, afirmar a non esencialidade da lingua, poderfa traer ás nosas fias non soio o desalento sinón tamén a desorientazón.

O termo *Regionalismo*—verbe pra nós perfectamente rechazabre toda vez que crémomos na eisenza palpabre, tanxibre da nazionalidade galega apreixa e asoballada—significa o que todos, aínda os máis pechados, saben. É aquela subrimidade d'agarimo, aquela eisaltazón de valores con qu'o espritu, ó tornal-os seus ollos á terra en qu'emexéu, olla as cousas todas que constituíen a substancialidade da rexión natural na que foi nado, faguéndose cego pra todo o que non sexa o seu melloramento e o seu ben. Isto coidamos nós qu'é o rexionalismo; isto é o que forzosamente ten que sere. Aquel sentimento, n'unha verbe, que s'ha cha integrado pol-o conxunto d'amores parciais, de preferenzas apriorísticas—digámo-lo eisi—que cada un sinte pol-as cualidades de todo orde que modalizan e determinan o anaco territorial en qu'un deu os seus primeiros pasos. E sendo isto o que se pode enxerguere por rexionalismo, e sendo o rexionalismo, n-un conceuto vulgar, amor a total-as cousas da terra nativa, preferenza e

adhesión incondicional a elas como é posible qu'haxa quen chamándose rexionalista faiga caso omiso do que ven a constituir algo eisi como a razón quinta-esenciada do amor un e único qu'o home sinte por unha terra determinada? Non necesitamos advertilo, falamos do linguaxe. ¿Quén, sintindo o agarimo incontrastable e decisivo pol-as cousas da terra, pode preterir percísamente ó qu'antre elas hai de máis nobre, de máis esgrevio—por algo a espiritualidade d'un pobo háchase concentrada n-él—cal é o linguaxe?

Non; non pode sere: falar un linguaxe alleo, cando se conta con un medio d'expressión propio, é algo máis que reprobable e vergoñoso: é criminal. Tal auto ten pra nós, os que de veras crémomos na patria, total-as características d'un atentado contra da proxenia do individuo qu'o comete, d'un verdadeiro renunzamento á estirpe, ó nome qu'un leva. E algo eisi como o feio auto de convertírese un, por obra escrusiva da súa vountade d'escravo, en fillo sin pai, en un *sin nome*, producto natural d'unha ascendencia dubidosa...

Os que coidan o cultivo da lingua algo accidental e secundario, algo que soio é utilizabre pr'á porpaganda pol-o campo, poderán chamárense rexionalistas ou como se queira, mais no fondo, non son sinón unhos grandísimos farsantes. Eles tan soio arelan o melloramento material da terra onde foron nados, porque d'iste melloramento sairá, como secuela inmediata, o seu. Tales xentes son os comerciantes do ideial, os falsos apóstoles, os lexítimos descendentes d'aquelles mercadeiros que Xesús botara un día do templo onde pertendían faguer feira. Son os individuos de que falou o filósofo de Nuremberg, decindo d'eles qu'a súa alma se non descubrirá endexamáis como non se escomece por inventala.

E iste tartufismo, e ista laberquería, que n-as anteriores liñas deixamos esbozado, é o perigro que de cote debemos combatir todol-os que no cerebro levamos como cravada a visión d'unha Galicia libre e redenta, dona de sí mesma. O ataque é ben sinxelo. Pra él abonda coa adopción d'unha eficazísima medida profiláctica. E ista profilaxis, que nós preconizamos como salvadora pra evitare a intromisión dos malos, é a intran-

sixenza, unha santa e rexa intransixenza na custión de lingua, verdadeiro balado infranqueable pra todol-os que levan o sagro nome de Galicia a cotío nos labres, faguen-do d'él ouxeto vil d'eisprotazón e de co-mercio.

R.

MITIS GALEGUISTAS

NO Axuntamento de Touro houbo o do-
mingo derradeiro un mitin, ô que asis-
tiron mais de dúas milleiras de labregos, do
fermoso vale da Ulla.

DE BENITO LOSADA

¡BOA FEIRA!

(CONTÓ)

I

Salín eu d'a miña casa
un lúns pol-a miñán cedo,
a cabalo do meu faco
qu'é lixeiro com'o vento.
Levaba n-a miña alforxa
un lacón cuaseque enteiro,
unha bola de pan trigo,
un bon anaco de queixo
é unha cabaza con viño,
un bon viño, viño vello.
N'á bursa levaba cartos
para mercar un xuvenco,
na feira que o vintésis
hay acarón de Lestedo.
Puxen o faco en camiño,
e ende chegando xa preto
de Marrozos, arredeime
pol-o medio d'uns centeos,
c'o fin de pillal-o atallo
e chegar á feira fresco.
Arrecadéi o meu faco,
pois o chán é moi barrento,
e estonces pidium'o corpo
botar un grollo, e boteino.

II

Eran, así, com'as oito;
moi ausente estaba o tempo,
chiaban os paxariños,
o Sol douraba os penedos;
entr'as herbas de cortiña
rebule a auga d'un rego;
sobr'as follas d'os carballos,
das silvas, dos castiñeiros,
moitas pingotas d'orvallo,
que de noite foi caendo,
relocían, cuasemente
como estrelas, dende lexos.
O ver tan garrid'o campo
¡pardiolas, que daba xeniol

Antr'outros oradores, falou o persidente
da «Irmandade» da Cruña, Lois Pena
Novo.

Na mesma data, houbo outro mitin no
Municipio da Estrada, ô que fono o persi-
dente da «Irmandade», d'Ourense, Antonio
Losada Diéguez e o membro da de Santia-
go, Jesús Rodríguez Culebras.

O persidente da «Irmandade» composte-
lana, Lois Porteiro Garea, dou unha confe-
rencia en Vilalba, que foi intresantísima.
Falóu do «fariseísmo».

III

Chegand'o pe d'un muíño
vin, sentada n'un portelo,
a rapaza mais garrida
que á terra botóu o ceio.
Unha cariña, mais branca
que un limpo pano de lenzo;
uns ollos que alumeaban
mais que a lua de Xaneiro.
Cando cheguéi cabo d'ela.
díxenlle:—Lévem'o deño,
si vñ ollos mais garridos
que eses ollos qu'estóu vendo,
nin boca mais pequeniña,
nin uns labios mais bermellos,
nin un corpo mais xeitoso,
nin unhos pés mais pequenos.
¡Como te chaman, roxiña?
—Cando estóu moi lonxe, a berrros.
—Seique tes ganas de lerial
Fala neniña, ¿tes medo?
—¡Bool... xa sei que me non comes
pois teño duro o pelexo.
—¿Non molas, dim'o teu nome.
—¿Pra que queres ti sabelo?
teñ'o mesmo que me puxo,
dempóis de nâsacer, o crego.
Vaya sigue teu camiño
pois aquí perdel-o tempo.
—¡Abofellas! ¡vaya un contol
Vidiña non chë dou creto.
¿Serás brava com'un toxo,
tan garrida cara tendo?
Vamos, rapaza, sé boa
e dime axiña, n'un verbo,
cal é o nome que na pía
os padriños che puxeno.
—Pois ben; chámome Xuana,
Marica, Pepa, Remedios.
Cristoba, Esteba, Farruca,
Catuxa...—Ton, ton ¡qué deño!
Di que te chamas prenóstico
e mais preto acabaremos.

Pero, miña filla, abasta
de parolas, que xa lelo
me volves; fala ben, nena,
dim'o teu nome de certo.
—Boite. Pois chámome Andresa.
—Dende logo lle prometo
a San Andrés de Teixido.
Agora, pois, miña xoya,
imos, que inda teño tempo,
a botar xuntos un taco
e ademais un par de netos.
—Deus ch'o pague; mais non como
non tendo conecemento,..

IV

Por fin foi aquela nena
pouco a poucó amolecendo:
collín as miñas alforxas,
comimos como dous nenos
e votamos uns bos tragos
d'aquel viño milagreiro.
Oímos tocar ás doce
na parroquia de Lestedo;
estábamos tan adiante...
chegábamos a poñernos
tan maduros como figos...
cando (quixera esquencelo)
apareceron dous mozos,
fortes coma dous esteos,
e votáronsem'enriba,
mallando en mín tan a eitó,
que presto no chán cañme,
perdend'o conecemento.

V

¡Moi escura estaba a noltel
recordéi... e tiven medo,
cando volví a o sentido
c'os meus ollos entrabertos.
Alembreime de Andresiña,
d'os que o corpo me moeron,
do meu faco, d'as alforxas,
da bursa do meu diñeiro.
Cacheeime... nin un carto:
chaméi o faco, busqueino,
e nin faco nin alforxas.
todo m'o roubaran, ¡deño!

VI

Deprendan todos de mín
os rapaces d'estes tempos.
Quen quixer collee-a froita
que s'atopa no horto alleo,
perde, coma a mín a besta,
as alforxas o diñeiro;
e de contra, sac'ô corpo
que mesmo da noxo velo,
con mais paus que leva o liño
pra lle tirar os tomentos.

Quen vai á festa
rompenll'a testa,
e perd'o que tén,
boa festa lle ven.

DON LEOPARDO E OS HUGONOTES

DON Leopardo Rodríguez, foi agasallado c'un xantar pol-os caciques de Chantada.

D. Leopardo, aproveitou o momento pra dicire no valbor da terrible loita dixestiva que él é rexonalista; que o rexonalismo dos dipudados do «bloque» é o verdadeiro rexonalismo e que todol-os dipudados «bloquistas» téñense xuramentado para defender os intreses galegos.

Efeitivamente, xa vímol-a rexa petición colectiva das facultades de Cencias e Filosofía e Letras pra Santiago; xa vimos tamén a protesta *unánime* contr'a introdución de carnes do Uruguay na España.

Os bloquistas xuramentados—veña o coro d'«Hugonotes»—non acougan un momento cramando pol-a escola de peritos agrícolas, por escolas d'Agricultura, porque se dea toda crase de facilidades para o embarque das nosas conservas e encaixes, porque se nos conceda un porto franco, porque fáganse os nosos ferrocarrís...

Estes tempos ouvimos dicire que había moito fresco pol-as terras de Lugo.

Despóis de enteirarnos da frescura de D. Leopardo, decatámonos de todo.

Espricad'o segredo.

O demo, din que levaba á súa nai sobr'as costas e ô chegar a un lugar da provincia de Lugo, farto d'ela, ceibouna no chan, dicindo: *quédate ahí Chantada*.

A Leopardo, ocurríulle o mesmo c'o idoneísmo que o fixo home: despóis do xantar, chantouno na lama caciquil.

OS XOGOS, XOGOS SON

DIXO a *Voz de Galicia*, que chamou a atención d'algunhas xentes o feito de que ôs Xogos froraes de Betanzos non fosen representacións da «Irmandade» da Cruña.

Pois é natural a cousa.

A «Irmandade da Fala» da Cruña, olla con moito agarimo á de Betanzos. Pol-a mesma razón que unha nai quere a unha filla.

Mais, por veces, antr'as persoas da familia, inda no tendo rifado, hai diferencias que obrigan á que n'algunha xuntanza non estefian todas aquelas.

Así socedéu agora.

As «Irmandades da Fala» nasceron pra nazonalizar a Galicia, espertando os sentimentos mais fondos da raza, por meio do idioma que é o noso espírito.

Sempre qu'as «Irmandades» autuaron, foi c'oa fala por diante.

A semana rexonalista de Santiago, derradeiro exempro.

En Betanzos—ben que predicase Mella en castelán—pero o que no nome da «Irmandade» falaba *¿cómo sendo irmán e galego* podería deixar de falar en galego?

¿Cómo as bases dos Xogos, *organizados pol-a Irmandade*, estando escritas en castelán, haberían d'inspirárenos intrés a nós?

No fondo das froles dos Xogos, vimos un xogo para conqwerimento d'unha acta electoral... rexonalista, garcipretista, figueiroista e aínda mais, tomando por mingo o galeguismo.

E os Zentros que comulguen con esas rodas de muíño, poden faguer o que lles pete.

Nós, somomos descentralizadores sin Z. Somos autonomistas.

Dito esto, vaia unha aperta para os bós e xenerosos irmáns betanceiros, que saíron do rego por cumprire unha palabra como cabaleiros, mais que voltarán ô rego onde bulen as augas puras.

BREVIARIO

A sinfonía do verde

OLLANDO os lenzos, os formosos lenzos que Imeldo Corral domiña na «Irmandade» da Cruña, Alejandro Pérez Lu-

gín, o autor de «La Casa de la Troya»—tamén paisaxista, bô paisaxista ô seu xeito—dicíanos: «Eu lembrome d'aquela sinfonía do verde que Blasco Ibáñez fixo cantando a súa terra valenciana na novela «Arroz y Tartana». Blasco, fixo a sinfonía do verde da horta de Valencia: *¿quén facerá a do verde de Galicia! Aquí, si que hay «motivos» para a gran sinfonía orquestal! Aquí si que trunfa tod'a escada dos tonos verdecentes! Sinfonía difizle, mas tentadora... Sinfonía inda inédita. Sinfonía para a que os campos da nosa terra ofrecen unha riqueza que non colle ollar en ningures, agás n'eles.*

¿Quen terá de ser—pois algún serayo, finalmente—, o maestro da palabra escrita que no pentágono sin liñas da cuartilla faiga esa gran sinfonía?

A de Blasco Ibáñez en «Arroz y Tartana» é inspiradísima. Afortunado ten que estar o que escriba a nosa, para superalo. Mas sería vergoñoso que ninguén nado en Galicia a escribira.

¿Non temos na terra verdecente escritores con folgos e xenio para cantal-o verde? ¡O verde que Imeldo Corral domiña no lenzo! ¡O verde que é o segredo do noso humorismo xugoso! ¡O verde que é o valor supremo entr'os nosos valores pintorescos!

A. VILLAR PONTE.

De Rosalía Castro

Decides qu'ô matrimonio
E santo e bô; pois serayo;
Mais non casou San Antonio,
Por mais qu'ô mesmo demonio
Tentouno a facel o ensayo

Celicios, cantos poder;
Penitencias a Deus dar,
Mais santo n'houbó, ô meu ver,
Que d'os casados quixer
C'a pesada cruz cargar.

Nin os santos padres todos,
De quen tés tantos escritos
E alabas de varios modos,
Quixerón n'aqueses lodos
Meter os seus pes benditos.

D'ô direito, d'ô rivés,
Matrimonio, un dogal és,
Eres tentazón d'ô inferno,
Mais casaré... pois no inverno
¡Non ter quen l'a un quente os pésl...

**

Agora cabelos negros,
Mais tarde cabelos brancos;
Agora dentes de prata,
Mañán chavellos querbados;
Oxe fazulas de rosas,

Mañán de coiro enrugado
Morte negra, morte negra,
Cura de dôres e engaños,
¿Por qué non matal-as mozas
Antes que as maten os anos?

**

—Teño tres pitas brancas
E un galo negro,
Que han de poñer bós ovos
Andand'o tempo.
I hei de vendel-os caros
Pol-o Xaneiro,
I hei de xuntal-os cartos
Para un mantelo,
I heino de levar posto
No casamento,
I hei...—Pois mira, Marica,
Vai por un neto,
E antramentras non quitas
Eses cerellos,
I as pitas van medrando
C'o galo negro,
Para poñel-os ovos,
E todo aquilo
Do Xaneiro, dos cartos,
I o casamento,
Miña prenda da yalma
¡Imos bebendo!

NA IRMANDADE DA CRUÑA

UNHA CONFERENCIA DE PORTEIRO

Ideas que fan xermolar outras

SOMOS nós 'enemigos de loubar a ninguén; serémolo máis cada ves, pero hai homes merecentes de que se lles faga xusticia:

Un d'eles é Porteiro, o presidente da «Irmandade da Fala», de Santiago.

Porteiro sempre vai a onde o chaman pra defender ou propagare ideaes galeguistas. E sempre ofrece a proba do seu fondo talento.

Foi o outro día cando veu á Cruña, chamado pol-a «Irmandade» pra dar unha conferencia na Esposición de Imeldo Corral. Non tivo tempo de prepararse, e n'oustante fixo unha disertación admirabile, refrexo da súa cultura e do seu inxenio.

Co'as cousas que dixo noso querido correligionario e irmán, teríamos tema para encher de ideas tod'o número d'A NOSA TERRA.

Dixo que as «Irmandades» son o solar da nova cultura galega, e que por iso teñen pra Cabanillas, pra Castelao, e pra Manolo Quiroga, mozos xeniaes da raza, os máis fortes agarimos, com'os teñen tamén pra todol-os poetas, pintores, escultores e músicos novos.

Somente os políticos galegos non veñen a nós—falóu—porque os non hay. Estamos c'os brazos abertos—e minten cantos nos alcuman chamándonos estreitos de criterio—e os vellos políticos queren atárnoslos á cruz onde a patria está encravada. E non, non o consintiremos.

Afirma que xa chegaron os tempos de desenrolar nosa cultura integral, e que é perciso unha disposición, un xeito de simpatía para elo.

A influencia das culturas alleas puxo a Galicia en posición crítica fronte ós seus propios valores, obrigando a facelas críticas con moldes e valores estranos.

Esta parte do discurso de Porteiro foi intresantísima.

Galicia, porque de fora quenes non sintían nin conecían o noso afirmábanno, coidaba moitas características súas máis cativas que as d'outras rexós. A nosa luz e o noso verde non valían para sere levados ó lenzo. O noso orballo e a nosa chuvia miúda, eran cousas da nosa terra das que arrenegábamos. Até as nosas mulleres e os nosos homes, coidaban moitos que non resistían o emparellamento c'os d'outros povos. Soyo mandábamos con fachenda ós boletís castelás aqueles retratos de mozos que parecían señoritos de *cabaret* e de mozas que c'o mantón de Manila puideran re-

sultar moi *chulas*. As nosas diferenciacións características, naturaes, eran vergoñosas pra nós mesmos.

—¿Qué pintor, qué poeta, qué escultor, sin sentirse a sí mesmo, educado n'iste ambiente, podería xurdire?

Pois a nosa música e o noso idioma, tamén eran cousas ridículas. Os *alalás*, as cántigas populares, sirvían de bulra a moitos; inda oxe, pesía que os patrióticos coros enxebres, que inicióu en boa hora Perfecto Feixóo, a dinificaron, atópana cursi clás meia que quere pasar por aristocracia, un xeito de desdén. Xeito de desdén que se troca en admirazón pr'á música popular d'outros povos. E ¿qué compositores poderíamos ter eisí?

E xa non falemos do Idioma, tan de nós coma nós mesmos. Tido por inferior, inda pol-os poetas que o empregaban, ¿cómo os nosos escritores van a traballalo?

O valor do noso paisaxe, e dos elementos naturaes que o integran, era un valor cativo pra nós mesmos. A chuvia, o orballo, o verde, tanto verde, tanto monte, tanto gris, ¿qué disgracia! Aquel ceño de Castela e d'Andalucía! Aqueles chaos imensos! O valor plástico dos tipos da nosa raza, tamén era ordinario en comparanza c'os do centro.

O valor dos nosos cantos ó lado dos flamencos, qué probe o víamos. A nosa fala que «ordinaria...»

E d'iste xeito, fallos do poder d'esaltación, forza suprema do artista, para tod'o consustancial c'o noso espírito, ¿qué outra cousa senón a escravitude moral e o rebaxamento maor poderíamos colleitare?

Eisí fono moitos escritores galegos os que chegaron a facer traballos porcos en galego e cousas finas en castelao.

Eisí deixamos de cantare os nosos símbolos: eisí esquecémol-o mare, que en Portugal sigue sendo un valor poético e antre nós, dende Martín Codax, cuáseque non tivo cantores.

Eisí, influídos pol-o mito azorinesco da meseta irta, namoráronse—cursis, degradados, almas mortas, treidores á Natureza—do chán de Castela, dos seus camiños polvorentos, e do cervantinismo que nos aldraxóu. ¿Como se non fosen mais fermosas as corredoiras da terra—¡oh, Imeldo Corral!—e os montes verdes, e os meigos vales, e os castros lexendarios. Como se os fidalgos de Galicia, que canta Valle Inclán, non fosen tan intresantes com'os de Castela.

As «Irmandades da Fala» viñeron a isto: a esaltar os propios valores esquecidos, a esculpire nas novas xeneracións o santo amor á terra, como nada fecundo. E eisí, no berro «¡Terra a nosa!» está tod'o programa, todo o idearium das «Irmandades», o mais grande, o mais nobre, o mais práctico que se fixo endexamáis na Galicia.

Sobre esto que glosamos, falóu Porteiro elocuentemente. Algo quizáis il o non dixese, pro suxeríunolo a nós. E é o mesmo. Dixo, én troques, cousas formosas sobre a nosa historia e a nosa cultura antiga, que xa non podemos recoller.

Estes son os problemas do galeguismo; porque o de pedire estradas, camiños veciñas e de ferro, granxas, etc., non é problema; senon unha necesidade, tan de Galicia como d'outras rexións, que cando haxa bós gobernos resolverase.

Quen non sinta o galeguismo, pois, será rexionalista por especializar os asuntos d'orden universal d'unha parte da España, pero non fará nada por erguer da lama d'a escravitude moral á nosa Terra, que, progresiva e todo ficaría sendo desprezable, mais desprezable canta maor riqueza e cultura allea tivera.

E espiritual o noso pleito.

A NOSA TERRA é até agora o único orgo do galeguismo na prensa.

A NOSA TERRA, que non é un boletín mais, senon o boletín que se fai a costa de sacrificios—pois pagan pra sotelos cantos o escriben e administran, dando exemplo—, pra refrexar o pensamento e o sentimento dos nosos apóstolos da redención da Patria, deben lêla e axudala cantos sexan bós galegos e desexen ó trunfo da cultura e da espiritualidade galega.

A NOSA TERRA, folla que terá de ser histórica, repersenta o mais belo xesto da aristocracia espiritual de Galicia.

Propagade, axudade a A NOSA TERRA. N'ela loitan os mozos cabaleiros do Santo Grial do enxebriemento.

N'ela a verdade que fai libres ós homes, móstrase nua.

Xuventude rexa, xuventude d'estrelas, ven ás «Irmandades» cátedras unicas, tempos únicos do patriotismo galego.

Non pode sere home vulgar quen diga con orgullo: eu son irmán na fala.

AS TERRAS MORTAS

VERDADES QUE DOEN

HAI unha parte de Galicia, non pequena por certo, que vive ó marxen de toda gallardía e de toda outivez. Reinan n-ela a quietude e o marasmo mais compretos. A santa rebeldía, xermen de todo respecto e de toda reivindicazón nobre, endexamáis conseguíu faguer o seu niño en terra de tal natureza. Soio a resignazón e a mansedume mais noxenta, estigma vergoñoso dos pobos capados ou moribundos, abranguéu o tomare carta de natureza no aludido anaco galiciano. E n-él, como n-un vasto campo d'esperimentazón, as ruíns artes do caciquismo mais incivil e antieuropeo son ensaiadas de cote. Todo a maior gloria d'un servilismo repugnante e d'unha sumisión alritadora cal hai poucas. ¿Necesitaremos nomear a terra de que se trata? Todol-os leutores decatariáanse xa. Falamos da provincia de Lugo. D-ela soio dúas eisceuzóns honrosísimas pódense faguer. Monforte e Villalba son como dous oasis de cibdadañía encravados n'ise deserto feito pol-as cobardías, as claudicazóns e a falla de ideas que se chama a provincia de Lugo. Do demáis... do demáis non se pode falare sin sentil-o arripiamento qu'a frialdade da morte produce.

Os pobos todos da provincia, coa soia honrosa eisceuzón dos nomeados, mais que pobos libres d'unha terra libre son verdadeiros cotos pechados d'uns cantos señores analfabetos. Porque hai que ter en conta qu'aínda sendo noxentos, noxentísimos, os repersentantes caciquiles de toda Galicia, en ningures son como os qu'a provincia luguesa padece por gusto ou por eunuquería.—Perdónesenos a verbe en gracia ó seu grafismo—. Son os caciques mais iñorantes, mais innobres, os mais fallos de capacidade. Con eles poidérase faguer unha gran eisposición teratolóxica de concenzas e de individualidades morales. Algún día, cando o porvir qu'o galeguismo ven preparando sexa unha realidade, a maior parte da provincia de Lugo ficará aínda inédita pr'á cibdadañía, pr'ó civilismo—civilismo que ven de civilización—e será estonces cando os apóstoles do galeguismo terán que internárense pol-as ditas terras, cal novos eisproradores de selvas vírxenes.

Non pode citárese pobo algún da provincia—unha vez mais insistimos na diferenza que por obra eisclusiva do seu esforzo e someténdose a un hixiénico illamento espiritual, abrangueron os dous pobos modelo: Villalba e Monforte—, no que brila ou haxa bulido a mais cativreira inquietude ou a mais pequena portestá contra das inxustizas qu'a cotío cometen os amos d'aqueles cimente-

rios de vivos que chaman pobos. Todos son laios silenzosos, berros qu'a cobardía afoga nas gorxas no mesmo instante de seren ceibados. É por riba de todol-os asoballamentos, de total-as inxustizas, de todol-os escarnios que n-aqueles terras mortas se fan con unha frecuencia abraiante, soio s'er-gue a frivolidade analfabeta d'as súas vilñas costeñas—¡ouh Azorín!—cuia máscara engañadora de modernidade, oculta a podre ruín d'unha iñoranza crarísima e d'unha imbecilidade e cativez de miras esmagantes...

Fálase de Pontevedra, do caciquismo riestrista, e os que d'iso falan non saben qu'ó calado, sin alguereos, un caciquismo cen veces mais ruín, porqu'é mais cazurro, mais iñorante, fixo presa na provincia de Lugo abafánda sin acougo, sin tregoa. Falla de virilidade, cobardía, deformazón do propio espírito, desgaleguizazón noxenta, tales son as cualidades que, en gran parte, constituíen hoxe a persoalidade moral dos pobos lucenses. Y entramentras que por toda Galicia parece como que s'eistenden brisas renovadoras, qu'axiña terán de trocárense en vento desenfrenado e salvador, a provincia de Lugo, ista provincia momificada, ausurda, feudo incivil dos distritos do caciquismo galego, olla resignada, coa resignazón do paria, do ilota, como unhos cantos suxetos fan almoeda e reparto dos seus intreses mais sagros e mais caros. E Galicia, a Galicia nova que rexurde con forza impetuosa no espírito coletivo das

xuventudes galeguistas, por obra eisclusiva da súa vitalidade rotunda, puxante, no seu fitar ás terras lucenses lonxe de pôr lástima nas súas olladas, pon o lostregueo abafante das olladas do noxo e do desprezo...

CLUDIO ESPASENDE.

As xentes ricas da Cruña, agás algunha esceición, non visitaron a Esposición de paisaxes d'Imeldo Corral.

Para elas o arte galégo é unha cousa sin importancia.

¡Que probiñas vos son as nosas xentes ricas!

Abóndalles con entusiasmarese co'a «Canción do Olvido» e co'as festas de Caridade onde a vanidá súa ten saída en letras d'imprensa.

Tiveron que sere artistas e persoas modestas as que sintindo fonda admiración diante dos lenzos de Imeldo Corral, mercasen algús.

Tampouco para a nosa aristocracia de cascadeira, se fixeron as festas musicas dos coros enxebres.

E n'estas xentiñas queren sementare o rexonalismo galego algús rexonalistas de pan comere.

Abofé que hai cousas que dan noxo.

PÁXINA ESCOLLEITA

OS HOMES FORTES

por MÁXIMO GORKI

¡Vivan os espíritos fortes, os homes valerosos, os homes que sirven á Verdade, á Xusticia, á Beleza! Nosoutros non os conocemos, porque son soberbos e non aspiran a seren premiados; nosoutros non ollamos con qué ledicia donan total-as chamadas do seu corazón. Irradian sobor da vida aburantes raios e donan luz ós cegos. Si; é mester que todol-os homes reconozan con horror can inxusta e horribel é a súa vida.

¡Viva o home que sabe sere señor dos seus desexos! Todo o mundo vive no seu corazón, todol-os dñores, todol-os sufrimentos dos homes repersentan na súa alma. O mal, a mentira, a crueldade, son seus inimigos. El, ardente e xeneroso, consagra total-as súas horas á loita, e a súa vida háchase ateigada de ledicias subrimas, de nobres conviccións,

de feros orgulos... o sacrificio de sí mesmo: ista é a mais viril, a mais bela soberba sóbor da terra.

¡Viva o home que sabe sacrificárese a sí mesmo! Non hai mais que dúas formas de vida: podrecerse ou queimarse. Os viles, os egoístas, escollerán a primeira; os valentes, os xenerosos, a segunda. Os que sintan o amor do belo, saberán onde esculcar o esplendor e a grandeza.

Valeiras e desoladas son as horas da vida qu'o péndulo señala. ¡Arriba, pois! Enchámola de nobres auciós, sacrificémosnos... e faremos a súa trasformazón en horas magníficas, ateigadas d'altaneiras grandezas, d'aburante orgulo!

¡Viva o señor dos seus desexos que sabe sacrificárese a sí mesmo!

PAROLAS SINXELAS

Chinto e Mingote, netos d'aqueles aldeáns do mesmo nome que Fernández Neira perséntanos no seu libro *Proezas de Galicia*, van parolare en todol-os números de A NOSA TERRA. O primeiro diálogo que recollimos d'eles e o seguinte:

Chinto.—Non tes visto como todol-os xornas da Cruña, falan do surdimento do capitalismo galego, da galeguización dos nosos homes de cartos, con motivo de mercar a *Cooperativa Eléctrica a Fábrica do Gas e Electricidade*?

Mingote.—Vín, home, vín. E con moita sinxeleza che digo que parécenme cheios d'inconscencia eses entusiasmos dos xornas.

—Logo, opinas coma mín.

—Coido que o mesmo.

—Pois esprícate tí, a ver si estamos d'acordo.

—En poutas verbes. C'o axuntamento da *Cooperativa e a Fábrica do Gas*, vexo un perigo futuro para o viciñario. Esa xuntanza é, pode ser cando menos, como base d'un *trust*, no que morra a competencia que houbo até o de oxe, capaz d'impoñer suba nos prezos da luz cando lle pete.

—Así é como eu pensaba...

—Pois daquela conformes, amiguiño.

—Pois daquela os entusiasmos dos xornas non teñen razón algunha.

—Loubanzas, merece verbigracia, o *Banco da Cruña* porque é base de negocios semeadores de riqueza galega. Pero esa xuntanza de dúas industrias que en loita servirían millor ó viciñario...

—Teríamos de sentfrenos ledos, si o Municipio mercara a *Fábrica do Gas*.

—Entón, si...

—Agardemos, emporiso, os froitos d'esa merca tan loubada.

—Pero asiñalemos o perigo posibre. Porque a maoría da xente non discorre de seu.

Ideia macabra

UN humorista macabro, proponnos unha idea que recollemos.

Di que tíñamos d'organizare unhos Xogos froaes, do seguinte xeito:

Premiarase a millor oda cantando ó bloque dos hugonotes idóneos.

Premiaranse tamén os millores traballos sobrestes temas:

O novo rexonalismo integrado por todol-os labercos, Césares e Brutos, que pericisan unha tapadeira pra xurdir outra vez coma caciques.

O caciquismo da provincia d'Ourense en relación c'o *sport* de ordear a autopsia dos probes antibugallistas que morran. Nova arma de porpaganda política, orixinalísima.

Besada, rexonalista modelo, botándolle terra á R. O. de Ventosa sobros repartos de consumos e o marqués de Figueiroa dandoll'a razón no Consello d'Estado.

Louba a García Prieto por non habere cumprido a palabra que lle dou a Rahola respecto ás reclamacións colectivas no *déficit*.

Gabanza dos caciques galegos porque persiguen coma nunca ós labregos que votaron contra d'eles nas eleccións, e louba ós parlamentarios catalás pol-as fortes interpeccións que fixeron nas Cortes a favor de Galicia.

De manteñedores d'estes Xogos, autuarán, coma de cote, os caciques da nosa terra. De mantidos, os cuneiros que nos visitan pol-o vrán.

Raiña da festa nomearase á rapaza máis boniteira, filla d'unha das vítimas de Nebra. As fillas das mais vítimas d'aquela traxedia formarán na corte de odio.

Invitarase a todol-os estranxeiros que hai en Galicia pra que desfroiten da festa.

NOVAS DA CAUSA

A CRUZADA D'OUTONO

NO próximo outono, farán os galeguistas unha xira de porpaganda activa pol-as principás cidades da patria. Escomenzará c'un grande acto na Cruña, e logo con outros en Betanzos, Ferrol, Lugo, Ourense e Monforte, pra rematare en Compostela, onde se lles falará ós estudantes.

Será unha semana ausolutamente galega, somellante á que os galeguistas fixeran c'os catalás, mais sô de galegos. N'ela proqramarase a independenza espiritual das «Irmandades.»

* * *

Está en camiño a bandeira que a «Irmandade da Fala», da Cruña encargou a Barcelona, e que é costeada pol-as donas da terra.

* * *

A seición feminina da «Irmandade» cruñesa, cada día conta con mais asociadas.

Tamén cada día recíbense novos libros para a Biblioteca.

* * *

Noso quirido irmán Antonio Vilar Ponte, deixou de pertefecere á redacción d' *El Noroeste*, da Cruña.

Felicítámolo.

* * *

O xenial Castelao, irmán noso da alma, ven porparando un libro de caricaturas que levará de nome *Nos*, sendo a súa forte confesión nazionalista.

* * *

A librería de Cué, na Cruña, por indicación dos galeguistas, trouxo libros portugueses, en portugués, para a venda.

As obras millores de Eça de Queiroz e de Guerra Junqueiro.

Léndoas, galeguizaranse os que coidan cousa ordinaria o noso idioma e dñ que non serve pra traballos serios.

Peneirando...

EN Viveiro, pobo lucense, ven funcionando unha xunta achegadora de recursos pra trasladare as gloriosas cinzas de Nicomedes Pastor Díaz dende a Vila-podre ó cimiterio d'aquel pobo, berce do gran polígrafo.

A xunta solicitou a axuda económica de todas as entidades e corporacións galegas, coidando que todas ollarian con gusto a súa idea.—Non hai que esquecer que Pastor Díaz é un dos galegos mais eminentes do século XIX.—E todas aquelas foron respondendo. Soio a Diputación da provincia—xuntanza analfabeta de pensamentos escravos—desconocendo que Pastor Díaz foi o fillo mais distinto da provincia luguesa, negouse rotundamente a contribuíre ó home-naxe.

Non debe abraire tal conducta. ¡Si se tratase d'un Besada, d'un Goicoechea ou d'outro calquer peixe d'ises!... Estonces todol-os cartos da Diputación serían poucos pra homenaxes; mais trátase d'un morto e... os mortos ben están onde están, sin turbare a tranquilidade dos vivos! ¿Non é certo, abogadiños de Bizancio, e Xustinianos de rueiro?

* * *

Lîmos no gran xornal *El Sol* qu'o alcalde de Valencia presentara unha moción, ó Municipio d'aquela cidade, pra que nas escolas e centros d'insición non técnicos, se faiga adeprender a lér e a esquirbir valenciano. E isto é a proposición d'un repubricano.

¿Cando os nosos adeprenderán a non seguirlas orientacións do centro pra sustituilas, en troques, pol-as que os repubricanos levantinos—i-en especial os catalás—lles trazan?

* * *

A rexeneración das vilas da provincia de Lugo xa dou comenzo. Sarria foi a primeira en donal-o exemplo. Qu'o digan sinón *Partorcito*, *Celita II*, *Sorianito* e outros astros coletudos de menor cuantía qu'all, un d'istes derradeiros domingos, s'adicarón a mechar unhos cuxos pol-o *subprime* procedimento do *diviño* Cúchares.

Iste adiantárese ós mais pobos da provincia, pol-a vía palinxenésica, é moi natural. Por algo Sarria é a terra do Cela, é o

Cela é un valor outamente cotizabre na charca vilano-cortesana.



Un gran cacique foi asasinado. Repúgnanos o crimen e, pol-o mesmo, rechazámolo francamente... ¡Mais cantas veces un mesmo forxa a nube de onde sal o lóstrego qu'ó afundel...



Transcribimos d'un boletín lucense o que sigue: «Pra cubril-a vacante de diputado provincial por Viveiro foi desñado por don Augusto G. Besada o prestixioso abogado de Chantada D. Manoel Otero Soto, amigo

político do deputado a Cortes por aquel distrito D. Leonardo Rodríguez.»

Sin comentario. ¿Pra qué? Unha provincia onde Besada e unhos cantos deputados, criados seus, fan e desfán ô seu antoxo, non hai que calificala; xa d'abondo se califica ela a sí mesma.

E aínda pertendían os de Viveiro, ¡malpocados! subvencións provinciales pr'ô homenaxe a Pastor Díaz, cando os qu'os representan na provincia nin-os conocen siquera. Agora ben, son conecidos dos amos e iso abonda. Ô pobo tócalle calar e acutar en silencio o que ô dono lle pete donarille.

Hai xentes que viven na escravitude por-

qu'a libertade acóraos coa tortura qu'impón a nostalxia da tralla.



Vimos ouservando un feito que nos enche de ledicia.

A ridícula e parva revista de Xaimiño Anduriña, é o depósito onde van a parar todos aqueles valores individuais—isto de valores é un decir—que non lograron pasar pol-a peneira d'ouro do enxebriño.

Non podía sere menos. A tal xente tales columnas. E nós folgámonos de qu'eis sexa.

LIT. E IMP. ROEL.—CORUÑA

¡GUERRA AOS CALLOS!

Callos, sabañós e ollos de galo cúranse co

Bálsamo Oriental

Premiado con Medalla d'Ouro na Esposición de Buenos Aires

Fabricantes: Prudencio López e Fillo - Jerez.
Representante: Manuel Sánchez - A Cruña.

De venta n'as boas Boticas

Gran H. Universal

Rúa da Reina (da Raíña), 21—LUGO

O MÁIS NOVO E O MILLOR

Ten carto de baño moderno. Dispón de teléfono (núm. 116) e de coche da casa pra todol-os trens.

O GRAN H. UNIVERSAL merece ser visitado

GRAN FONDA

Las Cuatro Naciones

San Andrés, 102.—A CRUÑA

O novo dono d'ista fonda, no seu desexo de mellorar o trato aos señores viaxeiros, fixo grandes reformas.

Xántase ben, e os precios están ô alcance de todos.

LA MODERNISTA

GRAN SALÓN DE BARBEIRÍA

— DE —

Ramos e Acea

San Andrés, 94-1.º—A CRUÑA

Estabrecimento de primeiro orde, dotado de estufa de desinfección e todol-os aparatos higiénicos. Especialidade en lavados de cabeza, lociós e friciós de todas clases.

Nota: N'este estabrecimento atopará o público un servico permanente a cárrego dos seus propietarios, antigos dependentes das máis importantes peluqueirías d'esta capital.

IRMANOS:

Probade o rico VIÑO LÁGRIMA, que sómente o vende

A Tacita de Prata

Rúa Galera, esquina á Fonte San Andrés
A CRUÑA

HOTEL CONTINENTAL

Castelar, 8 e Olmos, 28

O MELLOR SERVIDO

— DE —

M. Losada e Fillo
A CRUÑA

FRÁBICA MECÁNICA

::: DE CALZADO :::

— DE —

ANXÉL SENRA

RÚA XUAN FLÓREZ

Depósito: Cantón Grande, 15

A CRUÑA

Faise cárrego de toda cras de traballos gráficos, en imprenta, litografía e fotograbado, así coma sellos de caucho

A Papeleira Galega

FRÁBICA DE BOLSAS DE PAPEL
DE TODAS CRAS

BARREIRA, 7

FOTOGABADO

A CRUÑA

Teléf. 434

Os viños e coñas millorés son os qu'eisporta a casa de PEDRO DOMEQ, de Xerez da Fronteira, fundada en 1730. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth máis selecto de mundial e de reconecida sona é o CINZANO (Torino).

O Anís do Mono

é un eispréndido licore sin rival

Pra viños de mesa

non hai outros com'ós dos cosecheiros eisportadores Sres. R. LÓPEZ DE HEREDIA (Haro). Casa central: Pazo da Equitativa.—MADRID.

REPRESENTANTE EISCRUSIVO (matriculado) de todas istas marcas:

José C. Juncosa
Galera, 39 e 41-2.º piso.—A CRUÑA

FILLOS DE A. BARCELÓ (S. en C.) MÁLAGA

Cosecheiros, esportadores de viños seleitos da España, oxén, anisados, ron, coñac, etc.
Son os únicos donos das marcas de moito creto e sona chamadas

ANÍS DOUS MONOS
RON LA LUCÍE
OXÉN SUPERFINO
Pra encargos, na Cruña, rúa do Orzán, 144

Automovilistas:

As mais fortes, millores e mais económicas cubertas, son as

PALMER

Depósito xeneral en Galicia.
Real, 20 -- A Cruña

NAZONALISMO GALLEGO

A NOSA AFIRMACION REXIONAL
(2.ª EDICION)
Libriño ben imprentado nos modernos talleres da «Voz de Galicia» con xuícios e opinións de Rodrigo Sanz, Porteiro, Banet, Fontenla, Calvo, Casares, etc., por Antón Villar Ponte.
Véndese a 50 céntimos.— Os pedidos faráanse ó autor, no Rego d'Auga, 4-1.º — Cruña.— Os suscritores d'iste boletín poderán adquirilo á metade do prezo sinalado.

Fábrica de Gorras

— E —
SOMBREIRERÍA
DE
Lois Fernández Vieites
San Andrés, 69-71 — A CRUÑA

OBRAS NOVAS DE AUTORES GALEGOS

LINARES RIVAS: *Cuentos de amor y de amores*, 3'50 ptas.— A. REY SOTO: *La Loba*, 2 id.— W. FERNÁNDEZ FLÓREZ: *Silencio*, 3'50 id.— A. PÉREZ LUGÍN: *La Casa de la Troya* (7.ª edición), 4 id.— SOFÍA CASANOVA: *De la revolución rusa en 1917*, 3'50 id.— REY SOTO: *Cuentos del Lar*.
Véndense n'a librería de P. CUE & C.ª
Rúa Real, 49.— A CRUÑA

H. LA PALOMA

— DE —
Ramón Morandeira

Este espléndido establecemento, situado no mais céntrico da poboación, axeitado á outura dos millores da súa cras, conta con espazosas e aireadas habitazons, boa e abundante mesa, un servizo puntual i esmerado, e asistencia facultativa pol-o enxebre e renomado doutor A. Otero.
Fonte de San Antón, 20 - Santiago

LEUTORES:

Quen queira ter un traxe bóo e xeitoso, e que lle coste pouco diñeiro, qu'ó faga na xastrearía de
Xosé Varela
CIRCO, 16-BAIXO — VIGO

MONTERO E COMPAÑÍA

Oficina técnica e almacén de venda:
Rúa de Emilio Castelar, 8
Depósitos:
Calle del Castillo, 12-LUGO
Direitor:
D. FERNANDO M. DOIZTÚA, *Inxeniero*
Venda e colocación de toda clase de máquinas agrícolas e industriais
Estudo de toda clase de proxectos e construcións
PRESUPOSTOS GRATIS
Sulfatos, semillas, carburo, benzol e bencina

Consultorio Médico-Quirúrxico


J. Lastres

Consulta e tratamento d'as enfermidades en xeneral
ESPECIALIDADES
Pel, (incruso cáncer, lepra, lupus e úlceras atónicas).—Peito, Estómago, Anemia
Reumatismo, Artritis deformantes
Neuralgias, Arterio-esclorosis, Parálisis
Electroterapia, Aeroterapia, Suroterapia, Análisis
RAYOS X
Gabinete Fisioterápico: Consultas de 10 a 12
Tratamentos á prezo e horas convencionais
Non se fai asistencia Os Fogares
Praza d'Ourense, 2-1.º (esquiña a Picavía)
A CRUÑA

VIÑOS FINOS

RIOXA - MEDOC

Felipe Ugalde - Haro
Concesionario en Galicia:
WALDO LOSADA - A CRUÑA
a nome de quen deben vir os pedidos da Rexión.



COMPAGNIE GENERALE TRANSATLANTIQUE

VAPORES CORREOS DE GRAN VELOCIDADE

SERVICIOS DIREITOS DENDE O PORTO DA CRUÑA

LINEA DE HABANA E VERACRUS

Prezo en terceira â Habana	Ptas. 298'60
» » Veracrús.	» 313'60

Facilitanse billetes de ferrocarril da Habana a Santiago de Cuba pol-o prezo de Ptas. 35.
Os emigrantes e todol-os equipaxes, son levados a bordo por conta da Compañía.
Para toda clás d'informes sóbor de datas de saída, precios do pasaxe e tipos de flete, dirixirse ó seu Consignatario

D. Nicandro Fariña

Rúa de Compostela, esquina á Praza de Lugo

NOTA. — Quedan sin efecto total-as tarxetas de visita, pois non se deixa entrare a bordo.